

Entre visos

A exposición de Luís Moscardó na Galería Trinta fálanos dun artista mediterráneo que non pode rechaza-las súas orixes. Vemos así como a seducción pola luz ambiental destas terras se transforma en pintura abstracta en busca dun novo espacio de investigación que lle permite crear, sentir que a arte é inabarcable como a beleza.

A inmersión na súa produción lévanos a un mar tinxido de coloracións douradas, que nos exprimen o iodo que vai gángrenando lentamente o vivir. A través do dito mar vislúmbrase, entre visos, esas pasadas capas de pátina que amorreou o tempo. Diríase que este valenciano quixera amosarnos a través dos seus cadros unha colección de historias vividas das que non queda nada máis có sentir. O tempo decora un vocabulario que está profundamente vinculado ó máis elemental da humanidade, é por iso que os seus obxectos aparentemente elementais, esconden unha grande elaboración, en concomitancia, quizais, con restos prehistóricos dos que non pode evadirse. A súa obra aparece como un gran mosaico tratado como un crucigrama no que se filtra unha profunda vida interior. Neses símbolos déixase entrever unha especie de rumor vido de lonxe, e é que a súa pintura non é máis ca unha a floración do seu subconsciente, é como se nos falase dun soño vital. Para comprender esta exposición hai que ter en conta o papel tan grande que o autor lle concede á intuición; ela permítenos viaxar ata o corazón dos seus lenzos, descorrendo gradualmente o tupido veo que envolve todas as súas composicións.

Fátima Otero